

# Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006528	CIFP As Mercedes	Lugo	2012-13

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FP25	Transporte e mantemento de vehículos	CSTMV01	Automoción	Superior	Libre

### Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
0292	Sistemas de transmisión forzas de freado e trens de rodaxe	209

### Profesorado responsable

José Luis Gasalla García
--------------------------

# Índice

---

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

<b>1.</b>	<b>Identificación da programación .....</b>	<b>1</b>
	Centro educativo.....	1
	Ciclo formativo .....	1
	Módulo profesional .....	1
	Profesorado responsable.....	1
<b>2.</b>	<b>Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación .....</b>	<b>3</b>
<b>2.1</b>	<b>Primeira parte da proba .....</b>	<b>3</b>
2.1.a	Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	3
2.1.b	Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado .....	3
<b>2.2</b>	<b>Segunda parte da proba .....</b>	<b>3</b>
2.2.a	Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	3
2.2.b	Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado .....	4
<b>3.</b>	<b>Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....</b>	<b>4</b>
<b>4.</b>	<b>Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento .....</b>	<b>4</b>
<b>4.1</b>	<b>Primeira parte da proba .....</b>	<b>4</b>
<b>4.2</b>	<b>Segunda parte da proba .....</b>	<b>4</b>

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1 Primeira parte da proba

#### 2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
U.F.1-RA1. Realiza montaxes de circuitos de fluídos tendo en conta a relación entre a función dos seus elementos e a operatividade do circuito. U.F.1-RA2. Interpreta a operatividade dos sistemas hidráulicos e pneumáticos, tendo en conta a relación entre a súa funcionalidade e os procesos de mantemento. U.F.1-RA3. Diagnostica avarías nos sistemas hidráulicos e pneumáticos, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.1-RA6. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.2-RA.1. Interpreta a operatividade do sistema de freada, tendo en conta a relación entre a súa funcionalidade e os procesos de mantemento. U.F.2-RA.2. Diagnostica avarías no sistema de freada, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.2-RA.3. Determina os procedementos de reparación mediante a análise das causas e os efectos das avarías achadas. U.F.2-RA.5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.3-RA1. Interpreta a operatividade dos sistemas de transmisión de forzas, tendo en conta a relación entre a súa funcionalidade e os procesos de mantemento. U.F.3-RA2. Diagnostica avarías nos sistemas de transmisión de forzas, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.3-RA5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.4-RA1. Interpreta a operatividade dos sistemas que compoñen o tren de rodaxe (dirección, suspensión, rodas, etc.), tendo en conta a relación entre a súa funcionalidade e os procesos de mantemento. U.F.4-RA2. Diagnostica avarías en cada un dos sistemas que compoñen o tren de rodaxe (dirección, suspensión, rodas, etc.), para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.4-RA5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.

#### 2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
A proba consistirá nun exame escrito no que o aspirante deberá responder a cuestións que poderán estar referidas a conceptos teóricos, teórico-prácticos ou a resolución de problemas, sobre os distintos resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan nesta parte da proba
Valoraranse a demostración dos coñecementos técnicos sobre as diversas cuestións que se aborden, así como a claridade de exposicións dos conceptos e a utilización de técnicas de exposición axeitadas como esquemas, gráficos etc...

### 2.2 Segunda parte da proba

#### 2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
U.F.1-RA1. Realiza montaxes de circuitos de fluídos tendo en conta a relación entre a función dos seus elementos e a operatividade do circuito. U.F.1-RA3. Diagnostica avarías nos sistemas hidráulicos e pneumáticos, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.1-RA4. Determina os procedementos de reparación mediante a análise das causas e os efectos das avarías achadas. U.F.1-RA5. Realiza operacións de reparación e mantemento dos sistemas hidráulicos e pneumáticos, para o que interpreta técnicas definidas. U.F.1-RA6. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección

ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.2-RA.2. Diagnostica avarías no sistema de freada, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.2-RA.3. Determina os procedementos de reparación mediante a análise das causas e os efectos das avarías achadas. U.F.2-RA.4. Realiza operacións de reparación e mantemento do sistema de freos, para o que interpreta técnicas definidas. U.F.2-RA.5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.3-RA2. Diagnostica avarías nos sistemas de transmisión de forzas, para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.3-RA3. Determina os procedementos de reparación dos sistemas de transmisión de forzas mediante a análise das causas e os efectos das avarías achadas. U.F.3-RA4. Realiza operacións de reparación e mantemento de embragues, convertedores, cambios, diferenciais e elementos de transmisión, para o que interpreta técnicas definidas. U.F.3-RA5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.
U.F.4-RA2. Diagnostica avarías en cada un dos sistemas que compoñen o tren de rodaxe (dirección, suspensión, rodas, etc.), para o que interpreta as indicacións ou os valores dos parámetros de funcionamento. U.F.4-RA3. Determina os procedementos de reparación mediante a análise das causas e os efectos das avarías achadas. U.F.4-RA4. Realiza operacións de reparación e mantemento dos sistemas que compoñen o tren de rodaxe (dirección, suspensión, rodas, etc.), para o que interpreta técnicas definidas. U.F.4-RA5. Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, en función da súa valoración das condicións de traballo e dos factores de risco.

## 2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
A proba consistirá nun exame no que o aspirante deberá responder a cuestións prácticas relacionadas cos distintos resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan nesta parte da proba (efectuar medicións, realizar pequenos montaxes, detectar averías moi localizadas ben sobre esquemas ou sobre maquetas, realizar comprobacións simples sobre vehículo etc...)
Valoraranse a demostración dos coñecementos técnicos sobre as diversas cuestións que se aborden, así como a claridade de exposicións dos conceptos e a utilización correcta dos distintos instrumentos que se utilicen.

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Estas partes terán carácter eliminatorio e cualificaranse de cero a dez puntos. A cualificación final obtida por cada aspirante en cada módulo será numérica, entre un e dez, sen decimais, correspondendo coa media aritmética a das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos. A cualificación mínima esixible para superar cada unha das probas será un cinco.
--

## 4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

### 4.1 Primeira parte da proba

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escrita</li> <li>- Necesitarase bolígrafo e calculadora</li> </ul>
---

### 4.2 Segunda parte da proba

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Oral e escrita (realización de esquemas)</li> <li>- Os instrumentos necesarios para a realización da proba serán postos a disposición do aspirante polo Centro.</li> </ul>
---

